O Profisional

Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Ano XVIII - Número 51 — Viveiro, 21 decembro 2011

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES PRÁCTICAS EDUCATIVAS CURSO 2003-04

Dende comezos deste curso a nova responsable da biblioteca é Susana Quintela, Profesora de Lingua e Literatura Castelá, que substitúe no cometido ao impulsor da mesma, Xan Fernández Fernández

unha década crecendo xuntos...

a biblioteca cumpre cos seus obxectivos

NOITE TERRORÍFICA, UNHA DAS ÚLTIMAS ACTIVIDADES QUE SE CELEBRARON NA BIBLIOTECA

O impulso á mellora e creación dunha biblioteca escolar de primeiro nivel nace a comenzos do 2000; daquela un grupo de profesores profundamente preocupados pola mellora dos procesos educativos, crendo que sobre a biblioteca podería pivotar a vida académica do centro, propóñenlle á dirección o plan de traballo para a súa modernización.

O proxecto foi inmediatamente recoñecido, comezando pola ampliación do espazo, sumando á antiga biblioteca a aula contigua; debemos ter en conta que naquel momento había serias dificultades de espazo; isto trouxo presións e queixas dunha pequena parte do claustro sobre a dirección pero, coa

(continúa na páxina 2)

SUMARIO:

- Folgas de profesores e alumnos
- Actividades do trimestre anterior
- Datos meteorolóxicos
- Entrevista a Eric R. Wolpers
- El día de mi muerte
- O teste Course- Navette
- Faleceu D. Amado Aguiar
- Eduardo Barreiros, o motor de...
- Experiencia Abalar
- O xogo da billarda
- A carón do blues: Bukka White
- Intelixencia emocional

BICENTENARIO DE

NICOMEDES PASTOR DÍAZ

(Viveiro, 1811- Madrid, 1863)

Naceu en Viveiro o 15 de setembro de 1811, no seo dunha familia acomodada e nunha época que coñecería a primeira Constitución española (1812), a constitución do primeiro concello institucional en Viveiro e a volta ao absolutismo con Fernando VII.

Ingresou no Colegio Insigne de la Natividad, fundado con bens legados por **María Sarmiento** e no que se estudaba latín, castelán e retórica, é dicir, o ensino medio da época. Máis tarde estuda en Mondoñedo, Santiago e Alcalá de Henares, onde recibe o título de avogado. Inicia así una importante carreira como **poeta, ensaísta, xornalista** e **político**.

Como político permaneceu fiel ao Partido Moderado e á monarquía da raíña María Cristina e da súa filla Isabel II, motivo este que o levaría a una estadía en prisión e que traería malas consecuencias para a súa saúde. Acadou cargos importantes: ministro, rector da Universidade Central, embaixador, académico,…

Como xornalista colabora en xornais importantes da época (*El Sol, El Español, El Heraldo,..* e fai una importante contribución como **crítico literario** (prologuista de José Zorrilla, estudoso de El Cid, etc.)

Na literatura destaca sobre todo como poeta romántico en castelán e como narrador é autor da novela psicolóxica *De Villahermosa a la China.* Escritos en galego coñécense o poema *Alborada*, en 1828 e *Égloga de Belmiro e Benigno,* da que Xosé Mª Álvarez Blázquez descubriu o manuscrito en 1951. Ambos os dous poemas seguen unha liña clasicista e virían ser un adianto da poesía do Rexurdimento galego.

Finou en Madrid e en 1923 os seus restos foron trasladados á Igrexa de San Francisco, en Viveiro, por expreso desexo de ser enterrado na súa vila natal.

EDITORIAL

Fomento da lectura

Estamoslle dando un novo pulo á lectura e á nosa biblioteca. Non era fácil xa que se atopaba a moi bo nivel dende hai moitos anos, polo fabuloso traballo do profesorado responsable. Pero vendo a cantidade de ideas e a enerxía que trae a nova coordinadora, estou seguro que imos sorprender os usuarios nas próximas datas.

A animación á lectura é unha das accións máis importantes a desenvolver polo Instituto xa que constitúe unha ferramenta principal para adquirir coñecemento.

A gran variedade de profesorado que aquí ensina, pode enfocar diversos ámbitos do saber e polo tanto estimular a lectura en moi diversas áreas.

Os que formamos parte da dirección do centro educativo temos a responsabilidade de implantar, cada ano, novas iniciativas para animar ao uso deste imprescindible medio que é a lectura.

Mediante a lectura, a xuventude formarase, acadará niveis educativos que lle serán recoñecidos con titulacións académicas, entrará na sociedade do coñecemento e tomará parte así nas melloras sociais do futuro.

A mocidade que estamos formando será a encargada de solucionar os problemas actuais, farao seguro, por que se lle ocorren moitas ideas novas e en moitas delas está a solución. As solucións aos problemas serán difundidas, escritas e serán lidas por outras persoas que as aproveitarán e combinarán co seu coñecemento.

Os alumnos de hoxe teñen diversidade de ofertas e moitos deles non se concentran nos estudos, non lles interesa o que se expón e desconectan. Fomentar a lectura de maneiras diversas debe de ser un dos obxectivos a acadar.

A tecnoloxía aplicada á lectura tamén nos será útil para movernos rapidamente pola gran cantidade de publicacións que agora podemos manexar ao instante; sen desprazarnos do asento podemos mesmo ler algo que se está a escribir no outro lado do mundo. A tecnoloxía é unha das ferramentas que tratamos de promover e coido que tamén é un pequeno apoio á lectura. Estade atentos á biblioteca e ós clubs de lectura do IES María Sarmiento.

O Director: Juan J. Pardo

FOLGAS CONTRA OS RECORTES NO ENSINO

Ao longo deste último trimestre sucedéronse as protestas polos recortes en Educación que afectan aos horarios do profesorado e ás ratios nas aulas, así como á diminución de recursos en xeral.

Así, os profesores foron á folga os días 21 e 29 de setembro, e os alumnos o 6 de outubro.

Tamén houbo paros en varias datas, sendo o máis significativo o celebrado en Foz o día 18 de outubro no que participaron profesores de toda A Mariña, uns 500 segundo fontes sindicais.

En canto á incidencia das protestas, no IES María Sarmiento foi do 11% o día 21 de setembro, o 12,3% o 2º día e, no caso da folga de alumnos afectou a case un 30%, primncipalmente alumnos de ciclos formativos e dos cursos de bacharelato.

Lembremos que o cadro ded persoal de profesores é de 90 persoas, mentres que o número de alumnos oscila entre os 750 e 800 matriculados.

a mellora da biblioteca...

(continuación)

perspectiva que dá unha década, resultou ser unha decisión acertada; o profesorado que propuxera o plan estivo altamente comprometido e de feito, continúa colaborando coa nova responsable, sendo a biblioteca unha das instalacións mellor valoradas por todos os colectivos da comunidade educativa do IES María Sarmiento. (Ver nº 35 de O Provisional - abril de 2006)

Para estrearse no cargo, a nova responsable da biblioteca, programou o pasado 3 de novembro unha velada de lectura *"Noite de terror na biblioteca"* que durou dende as oito da tarde ata o comezo das clases, ao día seguinte; durante toda a noite, á lus do candíl, os alumnos de 3º de ESO do clube de lectura alternaron os relatos de medo cos contos e as bromas terroríficas: *"foi unha noite entre amigos, traballando en equipo, buscando historias de terror na rede e lendo por turnos; pensamos que nada nos daría medo, pero despois de pasar polos corredores a escuras mudamos de opinión"* dixo Elias Arias. A aceptación foi notable e a orixinalidade da acción educativa pon de manifesto que a nosa biblioteca contúa en moi boas mans.

IMS IES MARÍA SARMIENTO 75 ANIVERSARIO 1932 2007
Ensino de calidade para todos
ESO, Bacharelatos, Ciclos medios e superiores, ESA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ACTIVIDADES DOS ÚLTIMOS DÍAS DO CURSO 2010/11

Sinalamos brevemente neste apartado unha reseña das actividades realizadas durante o fin de curso pasado (2010-11) que non recolleramos no número anterior do Provisional por falta de tempo.

COMPETICIÓN DE COCHES

Dende o Departamento de Tecnoloxía, o Profesor Óscar Sánchez organizou unha carreira de enxeños elaborados polos alumnos de 2º de ESO momento que recollemos na fotografía.

Mentres, no salón de actos, celebrouse o día 23 de xuño unha representación teatral a cargo do grupo **A TROPA DE TRAPO.** Por outra banda, o **Clube de lectura** "As Letras fantásticas" coordinado por Susana Quintela promoveu a compra de libros nunha libraría de Viveiro a proposta dos propios alumnos para engroxar os fondos da biblioteca

SERGIO VALLEJO estivo nos talleres de Electromecánica e Carrozaría explicando os pormenores da súa carreira deportiva e clarexando dúbidas técnicas.

DATOS METEOROLÓXICOS SEMESTRAIS

SETEMBRO 2011

DÍA	ºC MÁX	ºC MÍN	% HUM.	bar P
16	23,7	17,8	55	1025
17	21,7	17,7	74	1030
18	21,8	15,7	72	=
19	18,5	14,5	63	=
20	20,2	15,7	76	=
21	21	19	63	1025
22	19,3	1,2	75	1030
23	20,9	18,9	74	1020
24	21,3	15,8	75	1025
25	21,9	16,2	81	=
26	22,3	16,3	84	1030
27	22,1	18,4	87	1025
28	22	18,2	73	=
29	23,9	18,5	71	1030
30	23,3	18,7	69	1025

DECEMBRO 2011

DÍA	ºC MÁX	ºC MÍN	% HUM.	bar P
1	16	11,9	86	1020
2	13,3	9,7	79	1030
3	13,6	10,6	71	1035
4	14,7	12,5	88	1025
5	15	13,3	85	=
6	13,5	12	84	1030
7	15	12,9	87	1035
8	15,7	12,8	86	=
9	15,5	13,1	89	1020
10	15,4	13	75	1025
11	14,1	9,2	74	1030
12	14,1	9,9	82	1025

OUTUBRO 2011

DÍA	ºC MÁX	ºC MÍN	% HUM.	bar P
1	25,6	17,4	66	1030
2	26,5	19,3	57	1035
3	23,4	18,4	72	=
4	22,7	17,2	77	=
5	23,1	16,8	86	=
6	19,3	16,6	88	1040
7	20,1	17,5	89	=
8	18,1	15,6	78	1020
9	19,6	16,9	63	1035
10	20,4	14,7	77	1030
11	20,3	14,8	80	=
12	20,6	13,9	79	=
13	20,2	16,3	63	=
14	20,3	13,2	80	1025
15	19,9	12,8	70	=
16	20,2	11,6	78	=
17	17,7	12,9	83	=
18	18,6	13,8	82	=
19	17,5	15,5	89	1030
20	16,8	10,9	76	=
21	18,9	15,4	89	1025
22	17,8	10,3	79	1020
23	19,7	12,7	76	1015
24	17	9,9	80	1000
25	16,3	11	84	950
26	17,3	10,8	80	1000
27	15,9	14,3	97	1015
28	15,4	12,7	83	1025
29	15,6	12,7	82	1020
30	16,3	10,1	79	=
31	17,6	11	83	1025

NOVEMBRO 2011

DÍA	ºC MÁX	ºC MÍN	% HUM.	bar P
1	17	13,8	74	1015
2	18,4	13,1	75	950
3	17,2	14,1	76	1000
4	16	11,9	76	1015
5	15,1	11,8	84	1025
6	14,1	10,7	83	1030
7	14,6	9,7	88	1025
8	15,7	8,8	85	1020
9	16,7	10,9	76	=
10	16,3	11,7	84	1015
11	15,3	11,6	86	1020
12	17,6	11,8	87	=
13	19,8	13,4	79	1015
14	19,9	14,1	82	=
15	16,2	11,8	66	=
16	15,9	12,6	85	1025
17	14,7	7,8	74	1035
18	14,7	8,8	80	1030
19	14,9	9,6	83	1020
20	16,5	12,3	87	1015
21	15,7	11,7	89	=
22	15,8	9,3	92	1025
23	15,6	9,1	99	1030
24	14,8	10,2	84	=
25	15,5	9,5	79	1035
26	14,9	9,5	83	1030
27	14	11,4	81	1035
28	14,3	8,3	93	1030
29	15,3	9,7	81	1025
30	14,3	11,9	87	1030

ENTREVISTA: Eric Rodríguez Wolpers

Estuda Filoloxía Hispánica (Especialización en Maxisterio de Secundaria e Bacharelato) na Universidade de Bremen (Alemaña).

Dende o 15 de setembro ao 20 de outubro realizou un periodo de prácticas no IES María Sarmiento.

*****

Eric nunha clase de Lingua e Literatura Castelá nun cursi de Bacharelato no noso Centro

Por que motivos da elixiches o María Sarmiento para as túas prácticas?

Como o meu pai é de Vicedo, dende a miña nenez veraneo nesta zona. Logo de falar con amigos meus que cursaran o seu bacharelato no IES María Sarmiento e que me deron boas referencias do centro, o pasado mes de febreiro falei co Director e acordamos que ía facer as miñas prácticas aquí.

Por outra banda, o ano pasado estiven de Erasmus en Santiago de Compostela, e a miña estancia alí foi tan feliz que quería volver pasar uns meses en Galicia durante este ano. Ademais, así teño a oportunidade de mellorar o meu español, por unha banda, e por outra de coñecer desde cerca como funciona o sistema educativo en España.

Que achega esta fase formativa á súa carreira?

Como a especialización da miña carreira está orientada ao maxisterio, é obrigatorio facer cinco prácticas nos cinco anos que duran os estudos. Por cuestións legais, estas prácticas son as únicas desas cinco que me permiten realizar no estranxeiro. Tras finalizalas, e acompañadas dunha memoria pedagóxica, o traballo tradúcese en seis créditos de libre configuración.

Como é a relación cos compañeiros, no departamento de Lingua e co alumnado?

En primeiro lugar quero facer unha mención especial a dúas profesoras de Lingua Española, Emma e Susana, porque puiden acompañalas en moitas das súas clases, arroupáronme e aprendín moita didáctica a través delas. Ao permitirme impartir algunha clase, baixo a súa tutela, as súas indicacións sobre aquilo que estaba facendo ben e aquilo que podería mellorar servíronme de gran axuda.

Pero tamén me gustaría agradecer o apoio do resto de profesorado ao que puiden acompañar nalgunha das súas clases. Todos foron moi amables e simpáticos comigo, e ademais interesáronse moito pola cultura da miña país. Gustoume moito traballar estas semanas con eles, compartir cafés durante os descansos... e ademais estoulles moi agradecido por ter unha paciencia enorme cun alemán tan pesado coma min (risas).

Por outra banda, o trato cos alumnos foi totalmente satisfacto-

rio, e sorprendeume a súa curiosidade polas diferenzas entre o meu país e Galicia.

Cóntanos alguna anécdota (ti pronuncias anecdota, risas)

Un día tiven a posibilidade de dar unha clase enteira de inglés, en segundo de bacharelato. Cando entrei no aula, Merche (a profesora) non chegara aínda e empecei eu só a dar a materia. Pouco despois entrou ela, que esquecera que eu tiña que ir ese día, e atopouse a toda a clase sentada, en silencio, e comigo impartindo inglés. Foi unha situación moi chocante para os dous, pero supoño que aí empezou a miña carreira docente (risas).



Ao principio estaba un pouco nervioso porque non sabía como empezar, pero como os alumnos foron tan respectuosos, a pesar de que eu era só un estudante en prácticas, todo transcorreu de forma natural.

Que é o que máis che chamou a atención nos ámbitos de organización do centro, impartición, e tamén no plano cultural e social?

En principio, non notei diferenzas significativas a nivel organizativo e de impartición de clases entre España e Alemaña. Son dous sistemas moi parecidos. En cambio, si me chamou a atención o meu trato inicial cos profesores do centro. Cando coñecín os meus colegas, pareceume curioso que o saúdo coas mulleres fose con dous bicos en lugar de darnos a man, ou que enseguida pasásemos a tutearnos. Iso contrasta co trato máis formal que se dispensa en Alemaña, pero me axudou moito á hora de atoparme cómodo e integrado desde un principio.

No plano lingüístico, chamoume a atención a cuestión da diglosia. O feito de que algúns profesores falasen entre eles unicamente en galego, mentres que outros o facían unicamente en castelán. O mesmo sucede cos alumnos. Algúns se comunicasen entre si unicamente en castelán, mentres que a outros lles custa utilizar este idioma ata en clase de Lingua Castelá. Aínda que coñecía a situación lingüística de Galicia, gustoume vela de cerca nun contexto educativo. Como o feito de que algúns profesores, castelán falantes habituais, fixesen unha transición ao galego en determinados momentos da clase.

Queres engadir algo máis?

Si. Nas miñas cinco semanas de prácticas tiven a oportunidade de gañar moitísimas experiencias. Todos os profesores que coñecín foron xeniais, tanto en privado como no plano profesional. Déronme todas as oportunidades posibles para que as miñas prácticas fosen perfectas: dar clases, coñecer a profesión de cerca e aprender un pouco de francés e matemáticas con algún deles (risas). De feito, creo que Masu tería que darme algúns deberes de matemáticas para levarme a Alemaña (risas).

E, por suposto, sempre levarei comigo o libro de García Lorca que me regalaron.

Como volvo ao Vicedo todos os anos, prontó fareilles unha nova visita a todos.

E espero que, cando nos atopemos, nos saudemos cun *¡fálame sempre!* (risas).

REDACCIÓN

A auga como recurso para producir aire a presión



Non se trata, como puidera parecer, dun invento ultramoderno, pola contra, é un sistema moi antigo utilizado nas ferrerías dende hai dous ou tres séculos para a produción de aire *(o esquema que vemos anteriormente corresponde á tromba de Teixois no Concello asturiano de Taramundi).*

Conducindo a auga a través dese tubo chamado *"tromba"* conségueese o necesario aire a presión que dará vida á combustión do carbón co que moldear o ferro para a produción de apeiros de labranza, cazos, tixolas, etc.

A auga pasa a través da tromba, diminuíndo a presión ó pasar polo estrangulamento que hai nesta; esta disminución fai que a presión atmosférica sexa superior á que hai dentro do tubo co cal entra aire ó interior mesturándose rapidamente coa auga.

Na parte inferior desta construcción, hai unha cámara onde os fluídos caen sobre unha lousa que fai que se separen. A auga ocupa a parte inferior e sae ó exterior a través dun sistema de sifón. O aire vese obrigado a saír por unha espita a presión; dende alí será conducido por un tubo ata a forxa.

VISITA Á EXPOSICIÓN DO BICENTENARIO DE NICOMEDES PASTOR DÍAZ

O día 5 de outubro os alumnos de 3º de ESO coordinados polo Departamento de Lingua Galega fixeron unha visita á exposición *"Douscentos anos de Nicomedes Pastor Díaz (1811-2011)"* que o Seminario de Estudos "Terra de Viveiro" preparou na sa de exposicións do Conservatorio de Música. Os alumnos participaron por equipos nunha xincana sobre a exposición e remataron facendo unhas lecturas da vida e obra de Pastor Díaz diante da súa estatua, na praza Maior.

LOCALIZA NA SEGUINTE TÁBOA SETE XOGOS POPULARES GALEGOS

P	A	D	C	H	A	V	E	D	P
B	E	F	G	G	A	C	H	X	P
F	D	O	U	C	R	I	R	O	N
B	E	V	N	I	O	P	A	N	O
A	R	A	N	D	E	A	C	U	F
X	B	I	L	L	A	R	D	A	S
L	B	E	D	F	H	M	X	R	E

Campionato de fútbol sala

O habitual campionato que organiza durante os recreos o Departamento de Educación Física coordinado por Mariluz Fernández Díaz, conta este ano coa participación de doce equipos. Por iso, celébrase unha primeira fase, na que se reparten en dous grupos, da que sairán os catro mellores conxuntos que logo xogarán a fase final, previsiblemente no segundo trimestre.

Como novidade, segundo sinalou a xefa do Departamento, este ano arbitrarán dous xogadores de cada equipo: todos xogan e todos arbitran.

Os equipos inscritos son:
1-JICC,
2 -MUKIS,
3-PELO FUEGO AND COMPANY,
4-LOS SOLFAMIDAS,
5-NOMAD F.C.,
6-1º CS ELECTRICIDAD,
7-CHILINDRIS,
8-BOTAFOGO MS,
9-MAGAZOS AND COMPANY,
10-SHARTKAS,
11-COA X DE MIXTA, e
12-LANDROVE

Excursión de 4º de ESO

Nunha reunión celebrada no salón de actos o 26 de outubro, os alumnos de 4º de ESO decidiron, por maioría, ir a Barcelona de viaxe fin de etapa educativa; dita activivdade terá lugar no último trimestre do curso e prevén visitar a Sagrada Familia, o Parque Güell, o Nou Camp, entre outros lugares da capital catalá.

TEATRO NA CORUÑA

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura organizou o 8 de novembro unha excursión á Coruña para asistir á representación da obra tetral *"Bodas de sangre",* traxedia escrita en verso e prosa por Federico García Lorca no 1931.

Asistiron os alumnos de 4º de ESO e de 4º PDC acompañados por Emma García Rivas, Susana Quintela e Mª Jesús Pérez Ramos.

PREPARATIVOS PARA UN NOVO INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO

Ao igual que en anos anteriores, os Departamentos de Francés e Xeografía e Historia están preparando un intercambio lingüístico, nesta ocasión será co Lycée de Saint-Girons, no Pirineo francés.

Trátase dun centro composto pola Escola do Alto Couserans e o colexio de Saint-Girons; tamén ten ali a Universidade un SEGPA (Sección de Ensinanza Xeral e Profesional Adaptada) e unha unidade de educación inclusiva.

Está previsto que a primeira fase da actividade , -na que os nosos alumnos viaxaran a Francia- , se celebre no segundo trimestre e, a continuación, virán a Viveiro os alumnos do Saint-Girons.

Ata o de agora, as previsións apuntan á participación duns corenta alumnos que irán acompañados de tres profesores.

Centro de Transfusión de Galicia

O pasado 3 de febreiro realizáronse 31 doazóns de sangue no IES "María Sarmiento"; 5 foron de persoas que doaron por primeira vez e houbo outras 9 persoas que non puideron doar

* * * * *

MÁIS INFORMACIÓN EN:
doadoressangue.ctg@sergas.es

DOA SANGUE
900 100 828

El día de mi muerte no tuvo ninguna gracia

Y no sólo porque me muriera. Para ser exactos, eso ocupó como mucho el puesto número seis de los peores momentos del día. En el puesto número cinco se situa el instante en que Lilly me miró con ojos de sueño y me preguntó:

-¿Por qué no te quedas en casa, mamá? ¡Hoy es mi cumpleaños! (Maldito Karma - David Safier)

¡Claro! ¿Por qué no? Me quedaría en casa y malgastaría toda la mañana en hacer una tarta lo suficientemente grande como para que aguantase las innumerables embestidas de mi hijo mayor en sus visitas al frigorífico. De modo que tendría que cancelar mi hora de tenis y mi habitual masaje mañanero. Pero habría hecho todo esto de buen talante si Lilly no hubiera añadido después:

-Ah, y creo que deberías hablar con Rudy. Le han puesto un cero en el examen de inglés.

Vislumbré aquella expresión de regocijo tan propia de Lilly. Era obvio el hecho de que se alegraba al saber que en breve Rudy recibiría noticias mías. Y esto ocupó el puesto número tres del día. La nota de mi hijo tan solo el cuarto: provocaba en mí más ira que Lilly se alegrase de que a su hermano mayor no le fuesen bien las cosas. Decidí perdonárselo, sin embargo. Ella tenía razón: era su cumpleaños. Aún así, no se libró de una pizca de reproche impregnado en mi mirada.

La muerte es fácil, apacible. Al contrario de lo que piensa todo el mundo. La vida es más complicada, llena de quebraderos de cabeza, preguntas sin respuesta… Y de esto terminé de darme cuenta tras, dos horas más tarde, escuchar a mi marido susurrarme con voz cansada que había perdido a un paciente en el quirófano. Resultaba sumamente difícil jugar con la vida y la muerte trazando cortes con el bisturí, le comprendía. Y le reservé el segundo puesto a este hecho. Porque ahora, mi marido no podría pensar en otra cosa en todo el día. En efecto, no tuvo tiempo para decirme que me quería por última vez. De todos modos, yo no necesitaba que me lo dijese. Ya lo sabía. Si mi vida fuese una película de Hollywood, posiblemente habría muerto en sus brazos, con el manto húmedo de la lluvia arropándome. Y todos llorarían en el cine sin poder resistirse al escuchar la música de tragedia. Lamentablemente, esto es la vida real. Y los finales de Hollywood ya están muy vistos.

Más tarde, pensé en el paciente. Y ese fue el pensamiento más horrible del día, lo que ocupó el primer puesto. Saber que aquel pobre hombre no volvería a estar con su familia, no volvería a oler de nuevo la primavera, ni se enamoraría… Tantos sueños por cumplir, tantos recuerdos, tantas emociones tiradas a basura… Un mundo destruido, como dice Paulo Coelho. Tal vez ese hombre estaba a punto de descubrir la cura del cáncer, de inventar algo revolucionario o de escribir el libro más bonito del mundo. Nunca nadie lo sabría. Reflexionando sobre esto en la cama, cerré los ojos. Y ya nunca más volví a abrirlos.

Iria Moliner Piñón
1º Bachillerato A

O test de Course-Navette

É coñecido como o test de resistencia cardiorrespiratoria, unha proba creada por Luc Léger na que o alumno vai desprazándose dun punto a outro (ida e volta) situado a 20 metros de distancia realizando un cambio de sentido ao ritmo indicado por un sinal sonoro que vai acelerándose progresivamente.

O obxectivo fundamenteal do test é medir o consumo de osíxeno dun individuo, ou a súa capacidade aeróbica, porque o organismo humano ten mecanismos para transformar a enerxía proporcionada polos alimentos e posibilitar o seu aproveitamento a través das células musculares.

No test que realizaron 17 alumnos do noso centro, baixo a supervisión de Fran Basanta e Mariluz Fdez. Díaz, acadáronse os resultados que figuran no cadro.

Esta actividade forma parte da programación didáctica do Departamento de Educación Física ao tempo que os profesores comparan os datos e baremos cos dos cursos anteriores a modo de investigación-acción.

RESULTADOS:

Masculino: **Adrián Ben** de 2º D, chegou a 12 períodos.
Feminino: **Celia García** de 3º B, foi a alumna máis destacada facendo 9,5 percorridos de ida e volta.
Tamén son significativos os resultados de **Antón Ramallal** e **Ana Cortiñas** que, sendo de 1º de ESO, obtiveron 10 e 7 períodos respectivamente.

-Momento da realización do Course-Navett nas pistas do noso centro polos alumnos da ESO-

COMO SE FAI?

O alumno comeza a proba andando e finalízaa correndo, desprazándose dun punto a outro situado a 20 metros de distancia e facendo o cambio de sentido ao ritmo indicado por un sinal sonoro dos profesores; este sinal vai acelerándose progresivamente (hai que ter en conta que son poucos os que logran concluír o test completo). O momento en que o individuo interrompe a proba é o que indica a súa resistencia cardiorrespiratoria.

FALECEU D. AMADO

Grupo de compañeiros de D. Amado na Escola de Mestría Industrial de Viveiro. De esquerda a dereita están: Emilio Casariego Carballés, Pedro Álvarez Expósito, Amado Aguiar, Enrique Pérez García, Ángel Rodríguez Vázquez, Olaga Rúa Trigo, Isabel Cruz Chaves, Humberto del Rio Vieira, José Antonio Chao Batán, José Ramos Fernández e, diante Ramón Barro Gómez (falecido o 3 de febreiro de 2007).

D. Amado, como era coñecido en Viveiro, era natural de Mondoñedo pero veu para a Vila no ano 1956. Sacerdote e profesor de Relixión Católica exerceu como capelán no Hospital da Caridade, como coadxutor na Parroquia de Santiago e ultimamente, capelán da Residencia Betania onde finou o pasado 17 de novembro aos 81 anos de idade.

Foi nomeado profesor de Relixión na Escola de Mestría Industrial polo Bispo de Mondoñedo, despois da xubilación de D. José María Pérez López o 1 de outubro de 1960 desempeñando ese cargo dende o día 20 dese mesmo mes.

En xaneiro de 1961 nomeárono Xefe de Estudos, responsabilidade que exerceu ata 14 de decembro de 1970 cando pasou a ser Secretario, cesando dese último cargo o 15 de decembro de 1974.

Dende o 1 de outubro de 1990, ata a súa xubilación a finais do curso 1995-96 foi Xefe de Seminario de Relixión.

¡Descanse en paz!.

Estabañón presentou outro libro

A Asociación Cultural Estabañón editou, o pasado verán, o séptimo libro, *Seis poetas olvidados*, unha antoloxía con obras de Alonso Pérez de Vivero e Luis de Vivero (de finais do século XV, principios do XVI), Nicolás Taboada Leal (XVIII), Camelia Cociña de Llansó, José Almoina Caballero e Luis Tobío Campos (os tres de finais do XIX, comezos do XX).

Anteriormente tiñan publicado "As carrachentas" de Fina Roca, "El digesto indigesto" de Fernando Pérez Barreiro, "A Francesada en Viveiro, 189" Xosé R. Fernández, "Viveiro, síntesis del incensario y la gaita" de José Travieso Quelle e "Viveiro y A Mariña" de Álvaro Ruibal Carballal e o catálogo inédito de D. Juan Donapetry Iribarnegaray titulado "Heráldica Vivariense".

LOTARÍA

O persoal do IES María Sarmiento xoga este ano 2011 na lotaría de Nadal uns 11.500 euros ao número

72.933

Eduardo Barreiros, o motor de España



Baixo este suxestivo título presentou o historiador e hispanista británico, Hugh Thomas, o l 5 de marzo de 2007 o libro biográfico en torno á figura do emprendedor galego Eduardo Barreiros Rodríguez. Esta obra, que serve de base a este artigo recopilatorio, constitúe un verdadeiro estudo político, social e económico no contexto da España dos anos 20 aos 90, tendo como fío condutor a vida de Barreiros, que contribuíu notablemente ao desenvolvemento industrial e económico e á motorización da España da posguerra.

Non resulta doado condensar nestas catro páxinas a vida e obra dun personaxe tan senlleiro como foi Eduardo Barreiros, pero ao igual que fixemos en números anteriores de O Provisional expoñemos soamente este traballo con carácter exploratorio pretendendo somentes espertar a curiosidade dos nosos alumnos respecto a esta biografía.

Eduardo Barreiros Rodríguez naceu en Gundiás (Ourense), na Parroquia de San Miguel do Campo, o 24 de outubro de 1919; aos catro anos levárono para Canarias, onde o seu pai se gañaba a vida facendo cedazos; por motivos de saúde dos seus avós regresaron a Galicia no 1925. Casouse no 1946 coa mestra Dorinda Ramos natural de Cerreda (a uns 16 Kms de Parada do Sil) e tiveron dous fillos Eduardo Javier e Mariluz. Trasladouse a Madrid co resto da súa familia no 1955 e faleceu na Habana (Cuba) ou 19 de febreiro de 1992.

OS DIFÍCILES COMEZOS

Nese momento (1925), ao regreso de Tamaraceite (Gran Canaria) seu pai inicia un pequeno negocio familiar de autobuses de liña ao comprar un Panhard Levassor de 10 HP con capacidade de carga de 1.500 Kg. co que fai a ruta Ourense-Luintra-Ourense. Máis tarde, o proxenitor, solicita a concesión da liña entre Ourense-Os Peares-Ourense e compra un segundo autobús, neste caso un estartaelado Renault de 2 toneladas por 4.000 ptas.

O mozo Eduardo traballa de revisor na liña familiar, picando os billetes e, as fins de semana, lavando e poñendo a punto o autobús. Tamén comeza a asistir, como aprendiz, a un taller de mecánica en Ourense (propiedade de José Arce) onde amosa as súa incribles calidades para o entendemento dos mecanismos e a súa gran capacidade de traballo e iniciativa; aos 12 anos xa estaba totalmente enfroscado no mundo do automóbil.

Ao estalar a Guerra Civil no 1936, cumpre o servizo militar na fronte, primeiro no terzo Abárzuza, e logo como condutor nun dos autobuses da familia que fora requisado para o transporte de soldados e feridos dende A Coruña ata a fronte de Oviedo.

Os Barreiros sempre foron unha familia moi unida; na foto vémolos nun dos primeiros autobuses familiares (1932). Á esquerda (cortado) está Eduardo, logo de pé Eduardo (pai) e dentro, polas fiestras, asoman en 1º lugar as súas irmás María e Mariluz e máis atrás Valeriano e Graciliano. Nestes "autobuses" podían viaxar 20 persoas dentro e 10 nos bancos do teito (ademais dos vultos, cochos e pitas)

Durante esa triste etapa, o seu pai adquire a exclusiva da empresa Luíntra, cun turismo Renault para levar o correo (este monopolio fora regulado no 1927) na liña Ourense-Parada do Sil-Ourense e merca tamén un Chevrolet de catro cilindros e 16 CV do ano 1925, un camión Ford e unha carrozaría demasiado longa que ten que adaptar.

No 1939, cando acaba a contenda, transforma varios camións en autobuses para a nova empresa de viaxeiros que refunda o seu pai en Ourense. Máis tarde, Eduardo, xa se pon á fronte dun pequeno taller familiar no baixo da súa vivenda onde se adaptan, reparan e manteñen os autobuses da liña familiar e comeza a fabricar gasóxenos, primeiro para os seus propios vehículos e logo, por encargo dado que a gasolina estaba racionada. Neses momentos é cando constrúen un terceiro autobús da liña, cos traveseiros dun camión Citroën, un diferencial de despezamento e o motor e a caixa de cambios dun camión queimado, aínda que a carrozaría a encargan nova a un taller de Ourense.

BARREIROS, CONSTRUTORA

No 1945, Eduardo Barreiros funda BECOSA (Barreiros Empresa Construtora, S.A.) con oito obreiros iniciando traballos e contratas de obras públicas na provincia de Ourense fabricando parte da maquinaria e utensilios que utiliza na construción de estradas. Realiza obras perto da Gudiña, no Barco de Valdeorras e en Soutelo do Montes. Tamén lle son adxudicadas as obras de 80 km. de regos asfálticos no sur da provincia e no edificio sindical do Carballiño. Para realizar estes traballos tamén

inventa varias máquinas moi enxeñosas que axusta a camións para varrer e eliminar o po antes de asfaltar.

Pero sen dúbida a obra que catapultou a BECOSA foi a adxudicación, mediante concurso, da construción do espigón de Castellón, cun valor inicial de catro millóns de ptas. Ninguén pensaba que o ía conseguir, pero inxeño de Barreiros (utiliza camións que xiran na punta da obra, de apenas 4 m. de ancho, sobre plataformas móbiles en vez das tradicionais vagonetas); isto fai que en só tres meses poña en funcionamento a canteira, o transporte, a vertedura e o taller da obra.

No taller de Ourense empeza a transformación de motores de gasolina (Krupp rusos) ao ciclo Diesel para cubrir as necesidades dos propios vehículos utilizados nas obras de contratas.

No 1948 a gasolina custaba a 6,25 pts/litro (11 no mercado de estraperlo) e o gasóleo só 1,80; ademais, había que sumar o menor consumo específico das mecánicas Diesel o que facía moi rendible a operación; por exemplo: os ZIS-5 de 73CV abandonados pola república pasaron de consumir 40 litros de gasolina/100Kms a 28 litros/100 de gasoil. ¡Botade contas!.

Poucos crían que eses motores modificados tan sequera arrincasen pero non só o facían, senón que funcionaban perfectamente. A nova espallouse como a pólvora, principalmente entre os transportistas da época que anagan de pedidos o taller familiar de Ourense, quedándose pequeno en moi pouco tempo. Esta situación, e a fama que lle dan as transformacións, animan a Barreiros a dar o gran salto.

TRASLADO DA ACTIVIDADE A MADRID FUNDACIÓN DE BARREIROS DIESEL

Era o ano 1952. A capital cumpre as mellores condicións de cara ao proxecto expansivo que lle ronda na cabeza a Eduardo, sobre todo polo céntrico e polas comunicacións. Para iso, aluga unhas naves (no km. 7 da estrada Madrid - Andalucía, por 50.000 ptas. ao mes e con 50 traballadores) onde transforma centos e centos de motores. É o xerme da futura fábrica Barreiros Diesel de Villaverde.

Coa tremenda experiencia acumulada, e con ese capital humano, apoiado sempre polos seus irmáns Valeriano, Celso e Graciliano (enxeñeiro industrial a quen Eduardo lle pagara a carreira) propónse facer un motor totalmente novo con tecnoloxía propia. Non é doado, pero meu dito meu feito, en 1954 funda Barreiros Diesel un capital de 10.000.000 ptas.

FOTO SUPERIOR: á dereita aparece Eduardo Barreiros Nespereira, pai do noso protagonista xunto ao autobús requisado á familia para o transporte de soldados e feridos dende A Coruña ata a fronte de Oviedo.
FOTO INFERIOR: motor Krupp diesilizado por Barreiros (expos. itinerante ano 1951).

Comeza fabricando o EB-1 (cunha produción de tres unidades diarias) para aplicación en camións de 5 a 7 TM, inicio dunha lenda de motores no transporte español. Ao tempo compra os primeiros 20.000 m² de terreo en Villaverde (Madrid).

Continúa a produción cos EB-2 e o EB-4 de 55 CV, para diversas aplicacións en turismos, vehículos lixeiros, grupos electróxenos e maquinaria en xeral; isto animou a numerosos taxistas e transportisas ao cambio ao aceite pesado. Logo chegarían os EB-100, o EB-150 e outros, que se adaptaban como anel ao dedo ás necesidades de motorización naqueles históricos momentos. Estas máquinas semellan, ás veces, copias dos Perkins (de causalidade a firma inglesa non tiña patente para España); poida que inicialmente fose así, pero está claro que tiñan a impronta de Barreiros.

En paralelo a toda esta frenética actividade empresarial creou tamén outras factorías auxiliares e de compoñentes: CEESA (Construtora Eléctrica Española, S.A.) para a fabricación de dinamos, arranques e reguladores, CABSA en 1955 (bombas de inxección) e unha rede comercial propia Mosa -Motor Nacional, S.A. cun capital de 5.000.000 ptas. para a comercialización dos seus produtos.

Tampouco se quedou coa fabricación de motores e, un pouco volvendo ás súas orixes, maxinou un prototipo de camión. Era o ano 1957. Barreiros constrúe un vehículo partindo de pezas doutros, como xa o fixera no seu Ourense natal, e preséntao a concurso do exército portugués como camión militar de alta capacidade. Así nace o alcumado o Avó (cun motor EB6) primeiro vehículo Barreiros, co que gaña o concurso luso para a subministración duns 300 camións fronte a outras empresas internacionais coma a General Motors.

O camión era parco, duro e, ao tempo, barato de fabricar. Incluso era máis adaptado ás necesidades do propio exército español que os politicamante todopoderosos Pegaso, fabricados por ENASA (Empresa Nacional de Autocamiones), propiedade do INI (Instituto Nacional de Industria) gobernado polo seu eterno inimigo o marqués de Suances.

Iníciase a comercialización de dous novos camións, o Azor e o Súper Azor. Isto creoulle moitos problemas coa administración vendo limitada a súa actividade ata límites de ter que acouder a desguaces e ao contrabando para poder seguir fabricando.

Será o propio Eduardo Barreiros quen conduza un camión, nos montes próximos ao pazo do Pardo, ante a mirada atenta de do "Xeneralísimo" Francisco Franco. Non está moi claro ata que nivel convenceu ao ditador, pero isto traduciuse na autorización do INI para fabricar camións, aos que seguiron autobuses, tractores e máis motores.

Barreiros solicita de novo permiso para fabricar automóbiles. Iso foi xa demasiado para os oídos do Instituto Nacional de Industria, a xoia de Franco propietaria de SEAT, que se opón frontalmente.

O famoso anagrama de Barreiros, en forma de oito, está formado pola conxunción da E de Eduardo e a B de Barreiros; todo un símbolo da motorización española



Recorte do artígo publicado por Business Week sobre Barreiros Diesel. No mesmo intúese o toque de lle dan de rei Midas a Eduardo Barreiros, resaltando a súa alianza coa Chrysler. É salientable tamén que o consideren coma o principal representante dunha nova xeración de industriais xurdidos da pobreza

Nesta panorámica da fábrica de Villaverde podemos ver o montaxe dos camións Halcón, Puma e Comando (1963)

ASOCIACIÓN COS AMERICANOS, O PRINCIPIO DO FIN

Neste contexto, unido a unha especial crise de financiamento, Barreiros necesitaba urxentemente un socio; e atopouno na americana Chrysler, a quen vende o 40% do capital de Barreiros Diesel en 1963 nacendo así a Barreiros-Chrysler para a fabricación das marcas Dodge e Simca (marca francesa que estaba participada nesa época nun 63% pola americana Chrysler). O pacto inclúe a fabricación de coches e camións americanos, e decídese montar tamén o turismo Dodge Dart, do que se importan as pezas dende EEUU para facer unhas 15.000 unidades. Pero a inciativa resultou devastadora, o mercado non podía dixerir tanto volume de coches considerados de "alta gama" (lembremos que o propio presidente do goberno, o Almirante Luis Carrero Blanco, viaxaba nun Dodge 3700 GT pola rúa Claudio Coello de Madrid cando sufríu o atentado da ETA que lle custou a vida o 20 de decembro de 1973).

A maioría das pezas dos Dodge viñan da factoría americana a carón do río Hudson, ás veces xa oxidadas (hai quen di que o teito de vinilo do Dodge Dart GT agochaba o incepiente óxido). Foi un fracaso.

Con todo, é nesta época, coincidindo co lanzamento do famoso utilitario Simca 1000 e 1000GT, a finais de 1965, cando a fábrica en Villaverde chega á súa máxima expansión. As cifras son asombrosas (non hai que perder a perspectiva dos seus comezos en Gundiás):

Un dos auncios míticos da Barreiros que saía habitualmente na prensa e nalguna revista do sector

- a planta de Villaverde ocupa dous millóns de metros cadrados
- xera uns 25.538 empregos
- ten unha ampla rede comercial e unha financeira propia
- factura máis de 7.000.000.000 ptas.
- inviste 4.200.000.000 ptas. nas plantas industriais
- outros mil millóns na rede comercial de distribución.

Pero o emporio está gravemente ferido.

As dificultades financieiras, moitas inducidas polo incómodo socio americano, que pensa máis en introducirse en Euro-

pa que fabricar coches, obrigan aos Barreiros a vender en 1967 outro 37% a Chrysler, ata un total do 77%, e xa no 1969 o resto, saíndo tristemente de Villaverde co acordo de non dedicarse nun lustro a ningunha actividade relacionada co automóbil.

Ao final, trala crise do petróleo do 1973, a Chrysler vendeu todas as participacións en Europa, incluída a planta de Villaverde denominada naquel momento Chrysler España.

Pero nese "lustro sabático" Eduardo Barreiros non pode estar quedo; compra unha finca de 5.000 Ha. na Solana (Cidade Real) transformando un terreo totalmente baldío nun extraordinario campo de cultivo da man da firma Puvasa (Explotacións Porto Vallhermoso, S.A.); chega a ser unha das principais fontes de abastecemento de sementais ás ganderías de España e de Europa cos mellores laboratorios de inseminación artificial que existen no vello continente.

Eduardo Barreiros con Fidel Castro (1979)

A DERRADEIRA ETAPA EN CUBA

Transcorridos os cinco anos "apartado" do mundo do motor pactados cos americanos da Chrysler, xa mediados os anos 70, Eduardo volve ás andadas e funda DIMISA (Diesel Motores Industrias S.A.), para a investigación e desenvolvemento de familias de motores Diesel de 130 a 500 CV; adquire, no polígono industrial de Pinto (Madrid), dúas naves xemelgas duns 1.000 m^2 cada unha, nas que instala un moderno laboratorio de motores para a fabricación e experimentación de prototipos coa máis alta tecnoloxía do momento.

De novo preséntase e gaña un concurso, desta vez en Cuba, con dous motores de 8 cilindros saídos de Pinto. Gáñalle nada menos que á poderosa Nissan, o concurso para a fabricación de mecánicas Diesel na Cuba de Fidel Castro; os motores de Barreiros funcionaron durante máis de dous meses de forma inenterrompida.

CURIOSO:

- Eduardo e a súa dona Dorinda foron de lúa de mel á Coruña nun flamante Standar Special (Jaguar) vermello que el mesmo preparara para a ocasión; pero aos dous días da viaxe vendeuno polo dobre do que lle custara e volveron en tren para a casa.

- Un dos primeiros motores Diesel que houbo na Escola de Mestría Industrial de Viveiro, cando comezou a impartirse a Rama de Automoción no 1972-73, foi precisamente un Barreiros modelo C-24.

- Eduardo Barreiros tense entrevistado con responsables de Barro-Chavín para transformar a empresa viveirense e fabricar engrenaxes para David Brown; a falla da potencia eléctrica necesaria fixo farcasar o proxecto.

-O Ministerio de Cultura, mediante Resolución de 24 de agosto de 2010, do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, fixo pública a concesión dunha axuda para rodar a película *"Eduardo Barreiros, El Henry Ford español"* de Continental Producciones, S. L. por importe de 150.000 euros (BOE 8/9/2010)

Con máis de sesenta anos, no 1982, fai as maletas e trasládase á Habana, levándo con el un puñado de colaboradores, a maioría persoal técnico, da etapa anterior de Barreiros Diesel. Alí, e fronte ás dificultades que supón facer na illa caribeña un motor cun mínimo de calidade, volve ás súas orixes e dedícase á dieselización de mecánicas de gasolina (ZIL-130, obviamente de procedencia rusa), ata que por fin ve a luz o Taíno (nome dos habitantes da illa antes do descubrimento), motor cubano desenvolvido por Barreiros. Asina un contrato para a dirección do plan de desenvolvemento automotriz cubano co fin de producir, baixo a súa dirección e supervisión, motores Diesel de diversas cilindradas (de 6 a 12 cilindros en V), cuxa denominación será Taino EB.

Mentres tanto, a produción deixa moito que desexar e non se alcanzan os obxectivos previstos.

Dentro da súa insaciable inquietude, e xa con 72 anos cumpridos, Barreiros proxecta levar o motor cubano a Angola e montar alí unha fábrica, pero a morte alcánzao sen conseguilo.

Sempre nos quedará a dúbida: que pasaría se non se houbese asociado cos americanos ou se se lle permitise asociarse con SAVA ou ENASA?, seguiría producindo camións e tractores na actualidade?...

RECOÑECEMENTO AO SEU LABOR

En España, foille concedida a Gran Cruz da Orde ao Mérito Civil e a Medalla ao Mérito no Traballo. En Cuba, foi nomeado Doutor Honoris Causa en Ciencias Técnicas e a Giraldilla dá Habana.

Pero, se acaso, o que aínda falta é un recoñecemento expreso do pobo galego e dos seus representantes que parecen ter olvidadas figuras tan salientables, coma Barreiros, José Barro González ou moitas outras que contribuiron ao meritorio pasado industrial do noso pobo.

Os que coñeceron a Eduardo Barreiros non poden esquecer que foi un home sensato, emprendedor, traballador e honesto. Colaboradores, empregados e ata adversarios, recoñecen na súa figura o alicerce sobre o que se instala a industria moderna da automoción en España.

A FUNDACION BARREIROS E O MUSEO

No 1997 constitúese a Fundación Eduardo Barreiros en recoñecemento á obra do emprendedor ourensán presidida pola súa filla, Mariluz Barreiros Ramos. Dado que a preocupación pola formación dos máis novos foi sempre unha das constantes na vida do noso protagonista, a fundación aspira a desenvolver actividades que abarquen diferentes campos dentro do mundo da automoción nos ámbitos industrial, técnico, ata a faceta estética e plástica, sempre cun horizonte formativo.

Tamén conta cun museo monográfico inaugurado un ano máis tarde en Valdemorillo, un espazo expositivo no que se amosan os logros do seu traballo, tesón e experimentación.

Concibido como viva achega para a educación das novas xeracións é tamén un espazo interactivo no que se pode acceder ás diferentes obxectos, incluídos coches, camións e tractores, o que fai posible entender o traballo da produción de motores naquela época. Existe ata un motor EB6 seccionado de demostración que orixinariamente foi regalado por Eduardo Barreiros á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais de Madrid en 1954 e que, posteriormente, en 1998, a Escola doou ao Museo. (N.T.L.)

BIBLIOGRAFÍA:

EDUARDO BARREIROS EL MOTOR DE ESPAÑA. HUGH THOMAS. Editorial Planeta. ISBN 84 08 06834 2

¡ES UN MOTOR ESPAÑOL!: HISTORIA EMPRESARIAL DE BARREIROS. JOSÉ LUIS GARCíA RUIZ, MANUEL SANTOS REDON Madrid, Síntesis, 2001

GARAJE. IMÁGENES DEL AUTOMÓVIL EN LA PINTURA ESPAÑOLA DEL SIGLO XX. Fundación Eduardo Barreiros, 2000

LOS DODGE ESPAÑOLES: LA PRODIGIOSA AVENTURA DE EDUARDO BARREIROS. PABLO GIMENO VALLEDOR, RAMÓN ROCA, Madrid, Cie Inversiones Editoriales - Dossat 2000

COMEZO DO SEGUNDO ANO DA EXPERIENCIA

ABALAR

Iniciamos o segundo ano de Abalar coa recepción, a mediados de novembro, dos equipamentos correspondentes ás catro novas aulas para 2º de ESO. Ao igual que no curso anterior cada aula dotouse de encerado dixital interactivo, canón ultracurto e carro de carga cos ultraportátiles dos alumnos, un para cada un, e mais o portátil de aula.

No momento de rematar esta información, aínda faltaban por instalar as antenas WIFI pero prevese que estean listas á volta das vacacións de Nadal.

Como novidades, convén destacar o feito de que o antigo sistema operativo Linux-Ubuntu da edición anterior pasa a ser substituído por Debian na nova imaxe Abalar. Así mesmo, os equipos levan instaladas novas ferramentas tales como iTALC (programa de control dos ordenadores dos alumnos dende o posto de coordinación de aula), ou Sigala (programa de xestión de grupos de alumnos), entre outras.

Unha vez que estea completada a instalación realizarase unha acción formativa co profesorado para informar sobre o funcionamento xeral do equipamento Abalar e sobre as novidades deste curso.

Este curso ten o seu despacho no IES María Sarmiento un técnico da Unidade de Atención a Centros, o ex-profesor Juan Menéndez Rocha, feito que sen dúbida cointribuirá a un mellor aproveitamento da plataforma Abalar.

BÓLAS TOLAS

Atopa as bólas que permitan construír o nome do noso centro; iso si, por orde numérica (Solución na páxina 23)



VIAXE A VIGO

Os Departamentos de Música e de Bioloxía organizaron unha excursión a Vigo para visitar a estación de ciencias mariñas Toralla (momento que recolle a fotografía) e asistir ao musical "Los 40". Foi o 14 de outubro cando os alumnos de 4º de ESO e de 1º de Bacharelato acompañados polas profesoras Gema Rena, Pilar Asensio e Mª Jesús Pérez Ramos se desprazaron á cidade olívica para participar nas devanditas actividades.

visita ao conxunto etnográfico de Teixois



O 24 de novembro os alumnos de 4º de ESO estiveron en Taramundi para visitar, acompañados polos profesores Angélica Otero, Andrés Criado e Miguel Plasencia, a área etnográfica de Teixois e o museo dos muiños de Mazonovo. De regreso estiveron na praia das Catedrais en Ribadeo.

PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO 2011

Dentro do Plan Anual de Xestión deste curso 2011-2012 contémplase un apartado específico referente ao aforro enerxético, centrado principalmente na diminución do consumo de enerxía eléctrica.

Os obxectivos específicos que se pretenden son:

-Concienciar sobre a necesidade de optimizar o consumo enerxético.

-Rebaixar o consumo de electricidade, neutralizando o incremento provocado pola incorporación de novos equipos informáticos e de proxección nas aulas.

En canto aos puntos concretos de aforro, identificados como PAE, contemplan:

-A automatización do acendido das luminarias.

-Cambio progresivo das luces antigas por outras con arranque electrónico en zonas comúns e con gran número de funcionamento. Xa se teñen instalados puntos PAE na sala de profesores, corredores e nos talleres de electricidade. Proximamente acometerase esa mesma actuación no taller de electromecánica de vehículos e na zona de pintura (carrozaría).

Outro ámbito destacable de cara ao aforro é a utilización da estación de captación solar que xa está subministrando toda auga quente para os servizos do edificio C (lavabos dos talleres de electricidade, electromecánica e punto de recollida de auga polo persoal de limpeza) que vén funcionando dende comezos deste curso.

O plan continuará, segundo confirmou o Director, ao longo dos vindeiros cursos.

fai 15 anos

Nº 7, publicación:20-12-96
EDITORIAL:
De Escola de Obreiros de Viveiro a Instituto de Secundaria
SUMARIO:
Eleccións ó Consello Escolar, Xubilacións de Amado Aguiar e Ramón Barro, Bares, Curso de autocad,A lenda de Estabañón, Viaxe no tempo,Os mitos, O Regulamento Orgánico dos IES

fai 10 anos

Nº 22, publicación:21-12-01
EDITORIAL:
O Plan Galego de F.P.
SUMARIO:
Xubilación de José Antonio Chao, Subproceso de acollida, Elísabet Gómez xurado dos Xerais, Celeiro e as súa oríxes, Tempo de reflexión, Cursos de verán, Tropezóns coa xeometría, O vello muiñeiro (1ª parte), Biblioteca online, APA, O profesorado no marco da ISO

fai 5 anos

Nº 35, publicación:07-04-2006
SUMARIO:
O IES María Sarmiento participa no Programa PISA 2006, A Festa do San Xoán Bosco, Como se vive a Lei antitabaco, Algoritmo, A Biblioteca Escolar e a CDU, O Bruxo do Pozo, Otis Spann, Entregado o premio do INEGA ao Departamento de Tecnoloxía, Campaña de vacinacion contra a meninxite

PLÁSTICA
mirada

-Carmen Ruiz Martínez- 4ºB

http://iesmasaxeohistoria.blospot.com

MD no IES MASA - Por Martín Martínez (ADAPTACIÓN AO PONTE DA CONSTITUCIÓN)

XOGOS POPULARES: A BILLARDA

Por José María Leal López

Quizais sexa un dos xogos tradicionais galegos máis apaixonantes que se practicaban decotío hai uns cantos anos nas vilas e aldeas de toda Galicia. Eu recórdoo como o xogabamos os rapaces en Celeiro, aló polo principio dos anos sesenta, e considero que quizais sexa un dos xogos máis complexos que había conxuntamente co do peón; logo, co paso dos anos, foise abandonando coa entrada doutros foráneos, ata quedar coma un xogo practicamente testemuñal.

Nun primeiro plano podemos ver o caño, pau máis curto ao que se lle pegaba co pau de bater. A superficie dura, coma a da pista do noso centro, é ideal para o xogo pero hai que ter moita precaución: ver cara a onde sae "disparado".

Agora parece que se empeza a potenciar outra vez e dar a coñecer xunto con outros xogos tradicionais, coma o do peón, o da chave, os bolos, a petanca, etc. O obxectivo é que non se olviden totalmente, e só quede a súa referencia nos libros e na historia; por iso, a principios deste século XXI, comezou un movemento popular en vilas e aldeas patrocinado polos concellos e asociacións culturais de cara a recuperar este xogo tradicional dentro do amplo conxunto dos que se practicaban na nosa cultura. Para iso naceu unha liga chamada LNB, ou sexa, Liga Nacional de Billarda, cuxo único obxectivo é potenciar este deporte e dalo a coñecer a modo de competición, unificando as distintas normas de xogo, pois variaban dun lugar a outro.

O xogo da billarda pódese dicir que naceu nas aldeas e nas vilas onde os rapaces con tan só dous paus xogaban e se entretiñan en calquera lugar; aínda que, debido á forza con que se bate a billarda, soían buscarse sitios abertos sen nada ó arredor, pois conviña evitar os lugares cerrados ou as rúas onde houbera xente xa que é un xogo perigoso e, ó bater con forza a billarda, esta podería impactar tanto en obxectos coma en persoas, e causarlles moito dano. Debido á súa similitude, a billarda pódese considerar coma o pai do béisbol actual, tan arraigado nos países americanos, pero menos aquí.

Eu lembro a billarda con moito agarimo polos bos momentos que pasei xogando cos meus compañeiros e amigos en Celeiro. Este xogo tomaba diferentes nomes, segundo os lugares onde se practicaba, aínda que os máis populares eran *a billarda, a estornela e o caño*, entre outros. En Celeiro e Viveiro chamabámoslle o *xogo do caño.*

Polo que respecta ós seus fundamentos, pódese dicir que son moi sinxelos, aínda que para saber xogar ben hai que practicar moito. O primeiro que se necesitaban eran dous paus cilíndricos de madeira dura que non rachara, coma o carballo ou o buxo; un era o pau de bater, que medía uns cincuenta centímetros; o outro pau era o caño, que era máis curto, arredor duns quince centímetros, máis ou menos; este afiábase polas dúas puntas coma se fora un lapis. Cada un de nós preparaba coidadosamente cunha navalla tanto o pau de bater coma o caño; logo puíase cunha lixa xa que era moi importante que estiveran ben feitos e puídos para que non fixeran vexigas nas mans.

Como diciamos, o xogo desenvolvíase en lugares abertos por mor de que ó lanzar o caño con forza non causara ningún dano a ninguén que estivera por alí cerca, tamén había que

xogar en lugares onde o chan fose duro, o mellor era a terra batida limpa onde non houbera herba para poder bater ben o caño. O xogo podíase facer ben en parellas ou ben de forma individual, todo dependía da xente disposta a participar que houbera naquel momento alí.

O obxectivo fundamental do xogo era coseguir un número de puntos predeterminado que era fixado polos xogadores antes de escomenzar a xogar; xeralmente establecíanse unha marca sobor dos mil puntos, que se ían anotando no chan cunha vara, e o primeiro que chegaba a ese número era o que gañaba o xogo. Por parellas seguíase o mesmo criterio, de maneira que quedaba primeira a que acadaba dita puntuación. Hai outra forma que tamén se xoga chamada de *escardar* que é parecida aínda que non igual, pero en Celeiro xeralmente xogabamos os puntos que é a que vou nomear agora.

O xogo comezaba cun sorteo para saber a orde en que se tiraba, isto é, quen era o primeiro e logo os seguintes que ían bater o caño; a continuación facíase una raia no chan que era o punto de partida e o punto onde se situaba o caño; o primeiro xogador tiña ata tres opcións para bater o devandito caño ata afastalo o máis lonxe posible da raia; se fallaba as tres opción, pasaba o seguinte a bater, unha vez que xa batía a billarda despois só disponía de dous golpes máis para acabar a xogada, e una vez finalizadas as tres tiradas, o batedor calculaba mentalmente cantas veces cabía o pau na distancia que había entre a raia de saída e a posición final a onde chegara o caño, logo preguntáballe ó xogador contrario se aceptaba dita medida, se dicía que si sumaba os puntos directamente no seu casilleiro, pero se non había acordó entre os dous, tiña que medir dita distancia co pau de bater; se había a medida pedida ou a pasaba pois sumaba os puntos pedidos, pero se non os alcanzaba entón non lograba ningunha puntuación. Tamén podía acontecer que o lanzador nas tres tiradas non sumara máis de dez puntos, daquela xa non sumaba nada e daba paso ó xogador seguinte, e así ía seguindo o xogo, coa rotación duns e doutros tendo en conta o sorteo ata chegar á suma estipulada.





*Xeralmente, xogábase no inverno, en tempos de lecer, polo que o máis común era facelo os domingos polas tardes, despois de merenda*r.

O xogador ou xogadores do equipo contrario segundo fora o xogo, individual ou por parellas, poñíase a una distancia duns quince metros do que batía o caño, e, se lograba coller este polo aire antes de caer no chan, entón o batedor xa non sumaba ningún punto e pasaba a golpear o que collera o caño no aire, a isto chamábaselle "chapar". Había tamén outra norma que se aplicaba cando o caño caía nun lugar inaccesible, por exemplo nunha poza de auga, nun burato ou quedaba colgada nalgún sitio, entón acordábase poñer o caño no chan ó rente do lugar, pero o xogador perdía una tirada, co cal se tiña dúas feitas xa non podía xogar máis.

O xogo da billarda é coñecido e practicado por todo o territorio español; en cada lugar ten diferentes nomes, aínda que o máis común é o de billarda. O tempo de duración dependía do que se tardara en alcanzar os puntos fixados; pero, se empezaba a chover, o xogo suspendíase automaticamente. Debido ás súas características, este basicamente é un xogo que necesita forza física, de maneira que o practicaban exclusivamente os rapaces, ademais necesitaba un adestramento previo para dominalo. Por outro lado, permitía, e permite, fomentar o compañeirismo, a competividade e a coordinación física de movementos, era moi dinámico e funcional, o que o converte hoxe en día nun xogo ideal para a educación secundaria. Tamén hai que ter en conta que o caño ou estornela ten certo risco físico, así que esixe que se tomen sempre as precaucións establecidas para a súa práctica sen riscos. Para concluír, animo a todo o mundo a xogar ó caño, billarda ou estornela, como máis nos guste, ánimo pois.

Viveiro, novembro de 2011

VISITA Á CADEA SER

Os alumnos do Programa de Diversificación Curricular, acompañados pola profesora Sabela Barcón Soto, visitaron as instalacións da cadea Ser-Mariña como complemento ao estudo dos medios de comunicación oral. Foi así que o 29 de setembro se trasladaron ata a emisora onde foron entrevistados en vivo para a emisión mariñá.

Tamén aproveitaron a saída para facer un percorrido polas igrexas de Santa María e San Francisco, expoñentes viveirenses do románico e do gótico.

IRIA

¡Bo Nadal a todos!

O xoves, 11 de novembro de 2011, celebramos o DÍA DO PEÓN

Ao igual que en anos anteriores, reunímonos no patio cuberto, porque chovía, para "bailar" este marabilloso xoguete.

Houbo demostracións e concursos de baile do peón. O campión foi Mateo Fustes de 2º C que logrou manter durante 1' e 6" o trompo en rotación; logo, no apartado de filigranas, gañou Yancarllo de 4º de ESO PDC, e en decoración Mirian Timiraos Díaz de 1º de ESO. Todos recibiron un agasallo en forma de vale de compra para material didáctico.

Segundo os profesores organizadores do evento, Basanta, Mariluz, Leal e Victor, lográronse os principais obxectivos previstos para esta actividade:

Divulgar, recuperar e conservar as actividades lúdicas tradicionais; favorecer a relación alumno-profesor; diversificar a oferta de actividades; promover o exercicio físico e o xogo cooperativo.

Tamén se editou un folleto explicativo do xogo dende a perspectiva da infancia do profesor Leal López.

n.t.l

"En mi casa he reunido juguetes pequeños y grandes sin los cuales no podría vivir. El niño que no juega no es niño, pero el hombre que no juega perdió siempre al niño que vivía en él y que le hará mucha falta"

-Pablo Neruda-

Ventá aberta aos libros

FUNDACIÓN LIBÉLULA

Yashmina Shawki, xornalista e escritora de sangue galega e kurda, publica a súa segunda obra narrativa en lingua galega; *Fundación libélula* é unha novela curta onde conta a loita de catro mulleres, Gladys, Helena, Laura e, a que funciona de elo de unión entre ellas, María Xosé. Todas elas se atopan nunha situación difícil, mais descobren que unidas son quen de superar todos os obstáculos.

SEN MIRAR ATRÁS

Sen mirar atrás de Dani Castelao é a obra gañadora do Premio de Banda Deseñada Castelao do ano 2009. O protagonista é un mozo que, decidido a romper co seu pasado, inicia unha viaxe na compaña do seu can na procura dunha vida nova, pero, quen dixo que era fácil cumprir os soños? Agárdanos un final sorprendente ao final do camiño.

A FILLA DO LADRÓN DE BICICLETAS

O premio de narrativa Merlín do ano 2010 foi para esta novela de Teresa González; nela a protagonista é a nena Serafina, propietaria dunha bicicleta verde e laranxa coa que realizar unhas acrobacias que causan sensación entre a veciñanza: pode facer a vertical no guiador, danzar cos pés na sela mentres a bicicleta fai círculos, andar polos aires...Mais poderá sobrevivir ás teimosías da súa tía Perfecta, unha cantante de ópera xubilada cuxa palabra favorita é *Non*!! e a un misterioso rumor sobre ela que se estendeu pola vila?

ÁLVARO CUNQUEIRO

A viaxe pode comezar á beira dun río, ti serás unha dama ou un cabaleiro; partirás cara á Bretaña nunha carruaxe con xentes do máis alá; singrarás os mares de Sinbad e namoraraste coa intensidade de Xulieta ou Romeo; terás as dúbidas de Hamlet e a maxia de Merlín, mais, cando regreses á túa Ítaca, levarás na ollada a beleza dos mil ríos e o inmenso tesouro da lingua elixida por Álvaro Cunqueiro. Le a Cunqueiro, todas as súas obras son unha festa da imaxinación!!

XEROGLÍFICO:
a biblioteca neste curso

(solución na páxina 23)

Tenía una flor, que creció en un florero,
nacieron más que pronto crecieron,
flor tenía, flores tengo
ahora Flor no está sola,
al igual que el florero



Víctor Fariñas - 3ºB

A carón do blues

"BUKKA WHITE"

Por Javier Caneda González

Bukka White (1906-1977) pertence á segunda xeración de innumerables bluesmen que xurdiron da rexión do Delta do Mississippi. Adepto á utilización do slide, dotado dunha voz profunda e un estilo inconfundible, o home da guitarra de aceiro National é considerado un dos maiores bluesman que xamais existisen.

Booker T. Washington White naceu nunha pequena cidade chamada Houston (Mississippi) o 12 de novembro de 1906. Aprendeu a tocar a guitarra e o piano durante a infancia a través do juke-joint do seu tío, co que viviu en Clarksdale dende os trece anos. Durante esta época coñeceu a Charley Patton (unha das súas influencias musicais) quen lle ensinou tamén algunhas técnicas e trucos coa guitarra.

A partir de 1921 comezou a percorrer todo o Delta tocando co pianista George «Bullet» Williams. Estas incansables viaxes tiñan un dobre obxectivo: aprender o máximo posible desta experiencia, e escapar da dura vida recollendo algodón nos campos do Delta.

Con tan só dezaseis anos casou con Jessie Bea, a cal falecería 3 anos despois tras unha ruptura de apéndice nun Hospital de Houston (Mississippi). Sen dúbida un duro golpe para White que aínda non cumprira os vinte anos.

Pouco a pouco a súa crecente reputación como bluesman atraeu ós cazatalentos e desta forma Ralph Lembo, que tiña unha tenda en Itta Bena, organizou a primeira sesión de gravación para o selo Victor en Memphis en 1930. Baixo o nome de Washington White fixo as súas primeiras gravacións cunha mestura de blues, góspel e temas relixiosos. Dos catorce temas que parece chegaron a gravarse, unicamente se publicaron catro deles. «New Frisco Train» e «Panama Limited» son os máis coñecidos.

En plena depresión económica as oportunidades de volver gravar un disco para White pecháronse por completo. A crise na industria musical foi catastrófica e White abandonou Memphis e regresou a Mississippi.

Habería que esperar a 1937 para que, recomendado por Big Bill Broonzy, viaxase a Chicago para volver gravar. Nesta sesión rexistrou o seu maior logro comercial, o clásico «Shake ´Em On Down». O éxito deste tema foi fulminante e sería versioneado case de inmediato por numerosos bluesmen da época como Bo Carter, Big Joe Williams e o propio Big Bill Broonzy.

Pero xusto cando se fixo esta gravación, Bukka estaba a ser xulgado por unha pelexa na rúa que rematara traxicamente e onde White fora acusado de asasinato. Finalmente sería declarado culpable e condenado á dura penitenciaría de Parchman Farm.

Cando Bukka White ingresou en prisión era un home cun disco de éxito gravado e que tiña xa unha longa historia ás súas costas. Combatera con certa fortuna como boxeador profesional en Chicago, xogara ó béisbol dúas tempadas cos Birminghan Black Cats, vendera licores de contrabando, actuara como músico itinerante e fixera longas viaxes que superaban a moitos dos seus contemporáneos, pasando por Saint Louis, Baltimore, Cincinnati, Cleveland e mesmo Buffalo. O éxito de «Shake ´Em On Down» valeulle en Parchman o status de celebridade dentro da prisión, o que lle serviu para gozar de certos privilexios.

Cando John Lomax (que estaba a facer gravacións de músicos tradicionais para a Biblioteca do Congreso), chegou a Parchman Farm buscando posibles intérpretes, atopouse con White e propúxolle gravar para el. Afeito a cobrar polos seus discos, White accedeu de mala gana e gravou só dous temas: un vello blues chamado «Po ´ Boy» e un novo tema propio titulado «Sic ´Em Dogs On».

Trala súa saída de prisión pouco despois, dirixiuse a Chicago decidido a converterse nun artista profesional. En marzo de 1940, cunha guitarra Gibson que lle prestara Big Bill Broonzy, e acompañara unicamente de Washboard Sam que tocaba a táboa de lavar, gravou para Vocalion 12 novos temas, que seguen considerándose entre as maiores obras mestras da historia do blues. «High Fever Blues», «Parchman Farm Blues», «Sleepy Man Blues", "When Can I Change My Clothes?» ou «Fixin ´ To Die Blues» son clásicos do Delta ao seu máximo nivel. A partir de entón a maioría destes temas converteríanse no groso do seu repertorio.

A pesar de todo, por aquel entón estas novas gravacións non lle serviron para alcanzar o seu sono de facer unha exitosa carreira como bluesman. En 1942 foi recrutado pola Mariña para participar na Segunda Guerra Mundial. Dous anos máis tarde sería liberado e instalaríase definitivamente nunha pensión en Memphis. Aínda que o contrataban de cando en vez para tocar nalgunha festa de fin de semana, gañábase a vida traballando nunha fábrica de tanques. Así permanecería no esquecemento durante dúas décadas.

Cando o seu primo B.B. King chegou a Memphis en 1946, White contribuíu decisivamente para que o seu mozo parente se fixese un oco na escena local. Ademais de presentalo a todos os músicos que coñecía na cidade, acolleuno na súa casa, comproulle unha guitarra nova e buscoulle traballo. Un detalle que o bo de King non esquecería xamais.

Pasaron moitos anos ata que en 1961 Bob Dylan gravou «Fixin ´ To Die Blues» no seu álbum de debut, e renaceu o interese polas históricas gravacións que Bukka White fixera en 1940. Sen que el o soubese, os seus vellos discos convertéranо nun artista de culto.

Pouco despois, uns novos guitarristas folks, John Fahey e ED Denson, comezaron en serio a súa busca. Baseándose nun dos seus temas («Aberdeen Mississipi Blues»), enviáronlle unha carta dirixida a: «Booker T. Washington White (antigo cantante de blues). Lista de correos de Aberdeen (Mississippi)

«. A carta chegou a un familiar de Bukka que coñecía a súa dirección en Memphis e lla reenviou. Cando finalmente o encontro se produciu, Fahey e Denson atopáronse un home san, de cincuenta e poucos anos e que seguía tocando a guitarra tan ben como nos seus antigos discos.

A finais de 1963 Bukka xa tiña un contrato de gravación con Arhoolie. Aínda que seguía tocando algúns dos seus vellos temas, o seu estilo cambiara moito e con frecuencia gustaba de facer longas improvisacións e de crear novas composicións (vésaxe «Sky Songs»). Foi o inicio dunha nova carreira para Bukka White que comezou a actuar nos grandes escenarios estadounidenses e europeos. Demostrou durante toda a década que tiña un gran sentido do espectáculo e un enorme talento como músico e narrador de historias, o que lle proporcionou unha grande popularidade.

En 1967 participou tamén nunha xira como parte do American Folk Blues Festival, e ao ano seguinte chegou a tocar nos Xogos Olímpicos celebrados en México. En 1968 gravou, para o selo Blue Horizon, unha serie de temas acompañado por primeira vez por unha pequena banda de blues. O disco resultante chamouse «Memphis Hot Shots».

Iniciando a nova década, comezou a tocar a guitarra eléctrica aínda que, pouco convencido do cambio, pronto desistiría e voltaría á súa vella National de aceiro ata o final dos seus días. En 1973 gravou para Biograph o seu último disco e un dos seus mellores traballos, recuperando o vello estilo tradicional do Delta con «Big Daddy». Ese mesmo ano compartiría escenario con B.B. King, un reencontro moi emotivo para ambos os dous.

A mediados da década de 1970 a súa saúde comezou a resentirse e a súa actividade musical decrecería irremediablemente. Finalmente morreu de cancro o 26 de febreiro de 1977.

DISCOGRAFIA SELECCIONADA

- Aberdeen Mississippi Blues
- The Complete Sessions 1930-1940
- Parchman Farm Blues
- The Sonet Blues Story
- 1963 isn´t 1962
- Sky Songs
- Memphis Hot Shots
- Big Daddy

Artigo publicado en decembro do 2010
no número 20 da revista "Palabra de Blues"
(México)

acarondoblues.blogspot.com

SOLUCIÓNS:
-BÓLAS TOLAS-
solución: IES MARÍA SARMIENTO
1-2-12-17-22-32-35-37-39-50-52-55-61-62-66-68
-XEROGLÍFICO-
a nosa biblioteca sin Xan

7 5 A MS07 220132

O Provisional
Rúa: Misericordia, 58
27850 - VIVEIRO (Lugo)
Teléf.: 982.56.04.49 - Fax: 982.56.23.06
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
http://www.iesmariasarmiento.net
Impreso, en papel reciclado, en
PUBLILAR - Magazos - Viveiro
Depósito Legal: LU - 402-94
Viveiro, 21 de decembro de 2011
ANO XVIII, NÚMERO 51
TIRADA 900 EXEMPLARES
DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 850 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 50
SUBVENCIONA:
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MARÍA SARMIENTO

COLABORAN NESTE NÚMERO 51

ALUMNOS:
Iria Moliner Piñón, Víctor Fariñas Barceló, Iria Timiraos, Elias Arias Mas, Alumnos clube de lectura "As Letras Fantásticas", Carmen Ruíz Martínez, Martín (ex-alumno)
PROFESORES:
Xosé Cabana Cabana, José María Leal, Emma García, Sabela Barcón, Susana Quintela, Fran Basanta, Marilúz Fdez. Díaz
PERSOAL NON DOCENTE:
Javier Caneda González
DISTRIBUCIÓN E ARQUIVO:
José López Peña, Lucía Lage Pol
Antonio González da Torre
COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN:
Néstor Timiraos Labaen

FOTO ÁLBUM: alumnos da antiga "Escola de Mestría" na praza do Obradoiro durante a viaxe a Santiago por mor do Xubileo de 1976

GRAN ANGULAR

intelixencia emocional

O psicólogo e profesor estadounidense Daniel Goleman adquiriu fama mundial a partir da publicación do seu libro "Emotional Intelligence" en 1995. Nel, explica que o éxito dunha persoa non depende exclusivamente do seu cociente intelectual ou dos estudos acadados; Goleman di que o que máis importa é o nivel de intelixencia emocional.

QUE É ENTÓN A INTELIXENCIA EMOCIONAL?

Tal e como sinala o autor sería algo así como a capacidade de recoñecer os propios sentimentos e os dos demais, para lograr manexar as emocións e ter así unhas relacións más produtivas cos que nos rodean.

Poderiamos deducir entón que o cociente intelectual (CI) contribúe apenas un 20% ao noso éxito na vida fronte ao 80% restante que dependería da intelixencia emocional, que inclúe factores como a capacidade de automotivación, a persistencia, o control dos impulsos, a regulación do humor ou a empatía.

AS EMOCIÓNS

Unha emoción é un estado afectivo que experimentamos, unha reacción subxectiva ao ambiente que vén acompañada de cambios orgánicos (fisiológicos e endocrinos) de orixe innato, influídos pola experiencia.

As emocións teñen unha función adaptativa do noso organismo á contorna que nos rodea. Cada individuo experimenta unha emoción dun xeito particular dependendo das súas experiencias anteriores, aprendizaxe, carácter e da situación concreta. Algunhas das reaccións fisiolóxicas e comportamentais que desencadean as emocións son innatas, mentres que outras pódense adquirir.

Contrarrestar a forte emoción que nun momento sentimos con estratexias razoadas é o que nos levar a actuar de maneira equilibrada e nos axuda a dar sentido á nosa vida. Por iso, é moi importante o desenvolvemento da intelixencia emocional, porque se non entendemos o que sentimos, e o porqué o sentimos, tampouco poderemos comprender por qué pensamos e actuamos de determinada maneira.

Existen emocións básicas que seguro que todos nós podemos recoñecer se nos paramos un pouco a pensar:

-O medo, constúe unha anticipación a unha ameaza ou perigo que nos produce ansiedade, incerteza e mesmo inseguridade; o medo invítanos á protección.

-A sorpresa, sobresalto, asombro, desconcerto que tén carácter transitorio, pode axudarnos a orientarnos fronte á nova situación.

-Adversión, é o desgusto ou o noxo; adoitamos afastarnos do que nos produce esa emoción.

Outro autor, Howard Gardner, premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais 2011, fala na súa obra *"Frames of Mind"* (1983) das intelixencias múltiples. Observou como nas diferentes culturas a xente desenvolve capacidades que son importantes para o seu modo de vida, e define a intelixencia como *"a capacidade de resolver problemas, ou elaborar produtos que son de gran valor para un determinado contexto comunitario ou cultural"*.

-Ira, rabia, resentimento, furia, irritabilidade indúcennos cara á destrución

-Alegría, diversión, euforia, gratificación, estar contentos, dá unha sensación de benestar, de seguridade. Mentres que a alegría lévanos a intentar reproducir aquel suceso que nos fai sentir ben, a tristeza motívanos cara a unha nova rein-

MANIFESTACIÓN

As emocións posúen uns compoñentes condutais particulares, que son o xeito en que estas se mostran externamente e poden ser, en certa medida, controlables (dependendo da aprendizaxe familiar e cultural de cada grupo). Tamén existen outros compoñentes non lingüísticos da súa expresión (comunicación non verbal): faciais, accións e xestos e tamén a proxémica.

Outros que son fisiolóxicos e involuntarios: tremor, ruborizarse, sudoración, respiración axitada, dilatación pupilar, aumento do ritmo cardíaco (estes compoñentes son os que se analizan nun detector de mentiras).

EDUCAR DENDE NENOS

Debemos educar para formar persoas emocionalmente intelixentes.

As características básicas e propias da persoa emocionalmente intelixente teñen que ver co suficiente grao de autoestima, ser persoas positivas e o altruismo; tamén a empatía (entender os sentimentos dos demais), o recoñecemento dos propios sentimentos expresando tanto os positivos como os negativos. Tamén é necesario aprender a controlarse, automotivarse, ter ilusión e interese polas cousas costruíndo unha escala propia de valores.

As persoas que son educadas deste xeito poden superar mellor as dificultades e frustracións atopando o xusto equilibrio entre a esixencia e a necesaria tolerancia.